

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintetres de setembro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez (non asiste) e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaseis de setembro de dous mil trece (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Ignacio Losada Rivas, con data RE 19 de setembro de 2013 N° RE 4760, relativo a autorización para levantamento topográfico da súa parcela, sendo os custos ao seu cargo.
2. Escrito de Don Francisco Javier Pérez Martínez, con data RE 19 de setembro de 2013 N° RE 4377, relativo a presentación de recurso de reposición.

Consta informe xurídico de data 09 de setembro de 2013.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda:

Comunicar que mediante negociación sindical no ano 2012, se chegou a un acordo cos sindicatos mediante o que se recoñecería o primeiro trienio no ano 2013, e nos sucesivos anos se iría recoñecendo un por ano, ata compensar totalmente as cantidades



que se debesen, dependendo das posibilidades económicas do concello, dada a complicada situación de crise actual.

3. Escrito de Don José Manuel Pérez otero, con data RE 17 de setembro de 2013, N°RE 4753, relativo a subvención de socorristas municipais.
4. Escrito de Don José Manuel Pérez otero, con data RE 18 de setembro de 2013, N°RE 4728, relativo avacacións de trabalador do Servizo Municipal de Deportes.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Consellería de Traballo e Benestar, con data RE 20 de setembro de 2013 N° RE 4789, relativa a outorgamento de subvención do programa información, orientación e prospección de emprego.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

CONVENIO DE COLABORACIÓN.-

Dase conta polo Secretario dos seguintes convenios de colaboración:

1. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e a escola Kickboxing e disciplinas asociadas, para a utilización das instalacións deportivas municipais.
2. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia ea Irmandade Deportiva O Sarmiento, para a utilización das instalacións deportivas municipais.
3. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Clube Santo Domingo, para a utilización das instalacións deportivas municipais.
Consta informe xurídico de data 23.09.2013.

DEVOLUCION DE IMPOSTO DE CONSTRUCCIONS, OBRAS E INSTALACIONES.

Vistos os escritos de **Don Antero Docampo parente presentados en datas de 16 de abril e 27 de xuño de 2013**, nos que solicita a devolución da cantidade aboada en concepto de I.C.I.O con data 09.01.2008, por importe de 63.550,97 euros, e vista a certificación de intervención no que se xustifica o ingreso da cantidade adeudada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda:

1. Dar traslado da citada certificación de intervención ao solicitante.

2. Informarlle de que en próximas datas, se procederá a devolución da cantidade adeudada por importe de 63.550,97 en base as disponibilidades económicas do concello.

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE AUXILIAR OFICINA DE TURISMO E PEÓN LIMPEZA VIARIA.-

Dase conta por parte do Secretario, da proposta de alcaldía de data 23.09.2013, en base as comunicacións recibidas en data 17 de setembro de 2013 da Consellería de Traballo e benestar, polas que se comunica que se procede ao outorgamento de dúas subvencións, para a contratación de dúas persoas, unha para a oficina de turismo por un importe de 3.186,84 euros e outra para o grupo de limpeza viaria, por un importe de 1.988,1 euros.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde en data de 23.09.2013.
2. Memoria de Alcaldía, xustificando a contratación de data 23.09.2013
3. Informe xurídico de data 23.09.2013.
4. Informe de Intervención de data 23.09.2013

A Xunta de Goberno Local, deliberado sobre o particular, acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de auxiliar oficina de turismo e outra de operarIo limpeza viaria..

XUSTIFICACION SUBVENCION CONCEDIDA POLO AGADIC PARA A MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO 2013.-

O abeiro da Resolución da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) do 3 de xuño de 2013, polo que se aproban as bases de subvencións a festivais para o ano 2013, en particular o artigo décimo segundo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

XERACIÓN DE CRÉDITOS N°4/13.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos n°4 /13, por importe de 15.934,62 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

CERTIFICACIÓN N° 7 DA OBRA DENOMINADA “REHABILITACIÓN DA ÁREA RECREATIVA DA VERONZA-O XESTAL.-

Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación n° 7 da obra denominada “Rehabilitación da Área Recreativa da Veronza-O Xestal”, redactada pola Técnico Director da



Obra Dona María Escudeiro Rossignoli, executado pola empresa Serviterra Enxeñería, S.L., por un importe total de 35.029,72 euros.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1. Aprobar a certificación nº 7, anteriormente indicada por importe de 35.029,72 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) e o Concello de Ribadavia.
2. Aprobar a factura emitida pola empresa Serviterra Enxeñería, S.L. co nº 130020, de data 23.09.2013, pola mesma cantidade.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

